Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Oitava.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: LUGO-GUNTÍN.- Rehabilitación superficial do firme mediante regos con gravilla, estradas provinciais LU-P-2406 “Lousada (lu-612) – A Mota – Longalái (LU-P-2913)”, P.K. 1+350 a 5+800 (e tramo antigo 82 M) e LU-P-2402 “Lousada (LU-P-2406) – Tedin”, P.K. 0+000 a 0+305.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 01-09-2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7DYSCJBJMSVXF6TX5AOYAVM4¹.

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: LUGO-GUNTÍN.- Rehabilitación superficial do firme mediante regos con gravilla, estradas provinciais LU-P-2406 “Lousada (LU-612) – A Mota – Longalai (LU-P-2913)”, P.K. 1+350 a 5+800 (e tramo antigo 82 M) E LU-P-2402 “Lousada (LU-P-2406) – Tedin”, P.K. 0+000 a 0+305, con CSV: IV7D6WL3JM57JDHM4E4A4N3X7Y.

3. Informe relativo á urxencia na tramitación do expediente de contratación, con CSV: IV7DYSCJHXZMT2OPWZHW4YBEOY.

4. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7DYCDCFRRTR5NYCHYM6DYC4A.

5. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7DYCK5JBR4VCX2QEOG4TTVOE.

6. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7DYCIMHEUZKTF2YZPSMMYWMY.

7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7DYGA73ZUNXWF4CP5WIBKW6U.

8. Acordo da Xunta de Goberno, de data 01/07/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7DYLX3OD64TBH63RGUB72FCA

9. Publicación, o día 01/07/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

10. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación del Sector Público.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



11. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 18/07/2022, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7DE6CD3UJPLBGDC76MKIQDKA.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “documentación administrativa”, resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura do arquivo “oferta técnica”, que unha vez abertos remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

12. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7AUKZTBPXLT7VTYRUAGR366U, reunida en acto público con data 12/08/2022, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

EMPRESA	PUNTOS
CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL	10,00

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

LUGO-GUNTÍN.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DO FIRME MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA, ESTRADAS PROVINCIAIS LU-P-2406 “LOUSADA (LU-612) – A MOTA – LONGALAI (LU-P-2913)”, P.K. 1+350 A 5+800 (E TRAMO ANTIGO 82 M) E LU-P-2402 “LOUSADA (LU-P-2406) – TEDIN”, P.K. 0+000 A 0+305

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

98.531,05		
81.430,62	17.100,43	IVE. PARTIDA INDEPEND

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

NO

PRAZO DE EXECUCION:

2 MESES

MAX
1.628,61 €

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	OBJETIVOS (80)				SUBJECTIVOS (20)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído .- art 102) (60)	MELLORAS (...) (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)		
1	CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL		89.909,58 €	0	NO	0,00	MEMORIA TÉCNICA (INFORME TÉCNICO)	Plantel / Discapacitados 16/0

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	OBJECTIVOS (80)								XUIZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (20)		TOTAL
	PREZO (60)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA		
	OFERTA (INCLUIDO IVA)	PTOS	UNIDADES	PTOS	SI/NO		MAXIMO 2% V.E.	1.628,61€	SEGUNDO INFORME TÉCNICO		
					SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS	PTOS		
1 CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL	89.909,58 €	60,00	0,00 €	0,00	NO	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	70,00

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA	
1	CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL	89.909,58 €	BAIXA 73.898,29

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	TOTAL
1 CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL	70,00

b) Requirir á mercantil Construcciones Carballeira SL para que, dentro do prazo de 5 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de



cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 3.715,27 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

13. Por resolución da Presidencia de data 18/08/2022, con CSV: IV7AVSS5YD4YTSM7DQI44ZDGEA, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Construcciones Carballeira SL para que dentro do prazo de cinco días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 22/08/2022, rematando o prazo de presentación o día 29/08/2022. A mercantil Construcciones Carballeira SL, presentou a documentación requirida o 23/08/2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 01/09/2022 ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Construcciones Carballeira SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Construcciones Carballeira SL con C.I.F. B-27121961 representada por D^a Rosa María Carballeira Jácome con DNI ***4042**, a contratación da obra denominada

LUGO- GUNTÍN.- Rehabilitación superficial do firme mediante regos con gravilla, estradas provinciais LU-P-2406 “Lousada (LU-612) – A Mota – Longalai (LU-P-2913)”, P.K. 1+350 a 5+800 (e tramo antigo 82 M) e LU-P-2402 “Lousada (LU-P-2406) – Tedin”, P.K. 0+000 a 0+305, nos termos seguintes:

Prezo de 89.909,58 €, dos cales 15.604,14€ corresponden ao IVE (21%).

Prazo de execución de 2 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.



Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Construcciones Carballeira SL con C.I.F. B-27121961 representada por D^a Rosa María Carballeira Jácome con DNI ****4042**, a contratación da obra denominada LUGO-GUNTÍN.- Rehabilitación superficial do firme mediante regos con gravilla, estradas provinciais LU-P-2406 “Lousada (LU-612) – A Mota – Longalai (LU-P-2913)”, P.K. 1+350 a 5+800 (e tramo antigo 82 M) E LU-P-2402 “Lousada (LU-P-2406) – Tedin”, P.K. 0+000 a 0+305, nos termos seguintes:

Prezo de 89.909,58 €, dos cales 15.604,14€ corresponden ao IVE (21%).

Prazo de execución de 2 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2022.

Primeira.- Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Becerreá, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Becerreá no que solicita a modificación/substitución de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BECERREÁ	23	MELLORA DE ACCESOS AO CENTRO SOCIAL, CEREIXAL, CORMES, FONTARÓN, A PEDROSA, CHALETS, CHAO DE VILA, DETRÁS DO COLEXIO, SERRA DE HORTA E A VALIÑA	0,00	102.260,37€	102.260,37€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de Becerreá a través de escrito de data 31/08/2022 solicita:

a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 23, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... prezo moi baixo no contexto do mercado actual...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BECERREÁ	23	MELLORA DE ACCESOS AO CENTRO SOCIAL, CEREIXAL, CORMES, FONTARÓN, A PEDROSA, CHALETS E DETRÁS DO COLEXIO	0,00	102.260,37€	102.260,37€

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Becerreá que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Becerreá, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BECERREÁ	23	MELLORA DE ACCESOS AO CENTRO SOCIAL, CEREIXAL, CORMES, FONTARÓN, A PEDROSA, CHALETS E DETRÁS DO COLEXIO	0,00	102.260,37€	102.260,37€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segunda.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pobra do Brollón, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:



“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pobra do Brollón no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
POBRA DO BROLLÓN	195	ACONDICIONAMENTO VESTIARIO EN EDIFICIO DE SERVICIOS MUNICIPAIS, INCLUIDO HONORARIOS	3.117,39€	14.382,78€	17.500,17€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de Pobra do Brollón a través de escrito de data 01/09/2022 solicita:

a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 195, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “...reconsiderar os plans de inversións previstos adaptándose á nova situación de incrementos de precios e procesos licitacións desertos...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
POBRA DO BROLLÓN	195	ACONDICIONAMENTO DOS ASEOS EN EDIFICIO MULTIUSOS MUNICIPAL, INCLUIDO HONORARIOS	3.117,39€	14.382,78€	17.500,17€

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Pobra do Brollón que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Pobra do Brollón, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
POBRA DO BROLLÓN	195	ACONDICIONAMENTO DOS ASEOS EN EDIFICIO MULTIUSOS MUNICIPAL, INCLUÍDO HONORARIOS	3.117,39€	14.382,78€	17.500,17€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.



3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceira.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Barreiros, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Barreiros no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BARREIROS	19	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS NA COSQUEIRA- A MALATA, AS BOUZAS-SUAIGREXA, CASCABEIRO A O ACANTILADO, VILADAIDE, VILAR, AS EIRAS, SAN COSME, RIO, A ABELLEIRA, NOGUEIREDO, A BARROSA, DE LU-133 A LIMITE MUNICIPAL, CARREIRA – PICO DA CARREIRA, MATOMAIOR, O VAL DO CAINZO, O MORTEIRO, A CALZADA-SAMPAIO, NOVÁS, O XUANCAL, ROMIÑA E O BARRAL	11.412,60	201.107,19€	212.519,79€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de Barreiros a través de escrito de data 02-09-2022 solicita:

a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 19, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... coa subida dos prezos non podían facer as obras incluídas no proxecto...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BARREIROS	19	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS O VAL DO CAINZO, O MORTEIRO, DE LU-133 A LÍMITE MUNICIPAL, MATOMAIOR, VILADAIDE, AS EIRAS, RIO, AS BOUZAS-SUAGREXA, NOGUEIREDO, A BARROSA, O BARRAL, O XUNCAL, NOVÁS E VILAR	11.412,60	201.107,19€	212.519,79€

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Barreiros que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.



A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Barreiros, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BARREIROS	19	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS O VAL DO CAINZO, O MORTEIRO, DE LU-133 A LÍMITE MUNICIPAL, MATOMAIOR, VILADAIDE, AS EIRAS, RIO, AS BOUZAS-SUAGREXA, NOGUEIREDO, A BARROSA, O BARRAL, O XUNCAL, NOVÁS E VILAR	11.412,60	201.107,19€	212.519,79€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL RED.ES, CORRESPONDENTE A CONVOCATORIA DE AXUDAS 2021 PARA A CREACIÓN DA REDE DE OFICINAS ACELERA PYME PARA CONTORNAS RURAIS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Con data 09.01.2020 publicouse no Boletín Oficial do Estado (BOE) a Orden ECE/1301/2019, de 17 de decembro, modificada pola Orden ETD/857/2021, de 28 de xullo, polo que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas pola Entidad Pública Empresarial

Res.es, a programas para o desenvolvemento do emprendemento tecnolóxico e a demanda tecnolóxica, no marco da Acción Estratéxica da Economía e Sociedade Dixital do Programa Estatal de I+D+i orientada a retos da sociedade.

No artigo 14 (Instrucións do procedemento) e 15 (Resolución do procedemento) das bases reguladoras estableceuse:

Artigo 14.- Instrucións do Procedemento.

“10. Tras la evaluación de las solicitudes presentadas, la Comisión emitirá un informe en el que se concretará el resultado de la evaluación. A la vista de dicho informe, el Órgano Instructor verificará que todos aquellos solicitantes a los que les correspondería ser beneficiarios de la ayuda cumplen efectivamente los requisitos establecidos en las presentes bases y en la correspondiente convocatoria, tal y como declararon al inicio del procedimiento, realizando, en su caso, las consultas de oficio que sean posibles y pertinentes, y otorgando un plazo de cinco días hábiles para presentar la documentación que sea necesaria. Si la documentación aportada no reuniera los requisitos exigidos, se requerirá al interesado para que, en el plazo de diez días hábiles, desde el día siguiente al de recepción del requerimiento, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, indicándole que si no lo hiciese se le tendrá por desistido de su solicitud, previa resolución en los términos previstos en los artículos 23.5 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre y el 68.1 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre. Una vez realizada la verificación del cumplimiento de los requisitos establecidos en las presentes bases, sobre todas aquellas solicitudes susceptibles de ser beneficiarias según el informe de la Comisión de Evaluación, el Órgano Instructor formulará una propuesta de resolución definitiva, que deberá expresar el listado de solicitantes a los que se les concede la ayuda y la cuantía de ayuda propuesta.

Además, la propuesta de resolución hará constar, de manera expresa, la inadmisión, desestimación o la no concesión por desistimiento, renuncia o imposibilidad material reconocida, del resto de las solicitudes. Dicha propuesta de resolución se notificará a los interesados que hayan sido propuestos como beneficiarios para que en el plazo de 10 días hábiles comuniquen su aceptación o renuncien a la financiación propuesta. Trascurrido dicho plazo sin que se haya comunicado la aceptación expresa se entenderá que el solicitante renuncia a la financiación.

[...]



Artículo 15. Resolución do procedimientto.

“1. Recibidas las aceptaciones o renunciadas de los interesados propuestos como beneficiarios, el órgano instructor elevará la propuesta de resolución definitiva al Director General de Red.es, quien dictará la correspondiente resolución de concesión, estableciendo el orden de prelación de las solicitudes en virtud a su valoración e identificando los beneficiarios y la descripción de la ayuda concedida.

[...]

3. Red.es notificará la resolución a los solicitantes a través de su publicación en la sede electrónica de la entidad y la remitirá a la Base de Datos Nacional de Subvenciones, de conformidad con lo dispuesto en Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, por el que se regula la Base de Datos Nacional de Subvenciones y la publicidad de las subvenciones y demás ayudas públicas.”

Con data 22.12.2021 o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital publica no BOE o Extracto da Resolución de 15 de decembro de 2021 da entidade pública empresarial Red.es, M.P., pola que se convocan as axudas 2021 para a creación da rede de oficinas Acelera PYME para contornas rurais.

De conformidade co mesmo estas axudas están destinadas a incentivar a creación e consolidación da rede de Oficinas Acelera Peme para contornas rurais dentro do programa Acelera Peme para o impulso á adopción das tecnoloxías polas empresas españolas (incluídas as de nova creación), principalmente as pequenas e medianas empresas (pemes), autónomos e emprendedores.

No artigo primeiro do extracto determínase que poderán ser beneficiarios destas axudas, entre outras persoas xurídicas, as Deputacións Provinciais.

No artigo 4 do extracto establece que o importe mínimo da axuda solicitada por proxecto será de trescentos mil euros (300.000€) e o importe máximo da axuda solicitada será de catrocentos dez mil euros (410.000€).

O importe da axuda será como máximo o 80% do orzamento subvencionable. O beneficiario cofinanciará a porcentaxe restante. A Resolución de concesión determinará a intensidade final da axuda, así como a axuda máxima concedida.

Segundo determina a base 2 da Resolución enténdese por Oficina Acelera Peme (en diante “OAP”) un ou máis espazos físicos repartidos polo territorio, e un espazo virtual no que se realizan labores de sensibilización e apoio ás empresas españolas (incluídas as de nova creación), sobre as vantaxes e metodoloxías innovadoras para optimizar o funcionamento dos seus negocios, mediante a incorporación das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC) nos seus procesos, de modo que se favoreza a demanda de tecnoloxías innovadoras que contribúan á mellora da súa produtividade.

A base 4 da Resolución di que as axudas consistirán en subvencións en diñeiro destinadas a cofinanciar un proxecto presentado polo beneficiario. Os beneficiarios destas axudas recibirán unha subvención para sufragar as actuacións subvencionables dos seus proxectos de posta en marcha e prestación de servizos das OAPs, durante un período de 24 meses desde a resolución de concesión da Convocatoria.

As actuacións para realizar por Red.es no marco desta Convocatoria serán financiadas con cargo aos fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia dentro do Instrumento Europeo de Recuperación («Next Generation EU»), de acordo co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Concretamente, enmárcase no compoñente 13-Impulso á peme, no investimento 3-Dixitalización e Innovación, no marco de Acelera Peme 2.0.

Con data 18.02.2022 a Xunta de Goberno da Deputación provincial acorda:

Tramitar electrónicamente, ante a entidade pública empresarial Red.es as axudas 2021 para a creación da rede de oficinas Acelera Pyme para contornas rurais. Facúltase para a realizar este trámite tanto á Sección de Innovación e Participación Cidadá como á Sección de Promoción Económica e Emprego co obxecto de que presenten na sede electrónica correspondente toda a documentación esixida polas bases da convocatoria de axudas.



Aprobar a solicitude ante a entidade pública empresarial Red.es das axudas para a creación da Rede de oficinas Acelera Pyme para contornas rurais cun orzamento total das actuacións previstas, por un importe total de cincocentos doce mil cincocentos euros (512.500,00€).

No caso de resultar beneficiaria da devandita subvención, a Deputación de Lugo asumirá o compromiso de cofinanciar con fondos propios a parte non subvencionada pola entidade pública empresarial Red.es para a creación da oficina Acelera Pyme, que será o 20% do custo do orzamento subvencionable e que como máximo ascenderá a cento dous mil cincocentos euros (102.500,00€), a executar en tres anualidades (2022, 2023 e 2024).

A consignación orzamentaria para a anualidade 2022 realizarase no momento da aceptación da resolución favorable da axuda que se conceda, e para as anualidades 2023 e 2024, deberá adoptarse o compromiso de incluír, nos orzamentos xerais desas anualidades, os importes correspondentes nas aplicacións orzamentarias segundo a natureza das actividades a realizar, quedando supeditados á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no suposto de concesión do proxecto.

O 22.02.2022 realizase a presentación electrónica da solicitude.

O 02.06.2022 a Entidad Pública Empresarial Red.es, tras a avaliación da solicitude, require a Deputación Provincial que aporte a documentación acreditativa dos requisitos para ser beneficiario establecidos no artigo sexto das Bases Reguladoras. O 06.06.2022 a Deputación de Lugo contesta ao requirimento.

O 15.07.2022 a Entidad Pública Empresarial Red.es, notifica a Deputación de Lugo que a solicitude foi proposta como beneficiaria da convocatoria de axudas para a creación da OAP Rurais, contando con un prazo de 10 días hábiles para comunicar formalmente a aceptación ou renuncia da axuda proposta, tal e como se detalla no artigo 14. Instrucións do procedemento das Bases Reguladoras.

O 22.07.22 a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, adoptou o acordo de aprobar a aceptación da proposta de resolución como beneficiario da axuda para a creación da rede de oficinas “Acelera Pyme” para entornos rurais por importe de 410.000€.

O 30.08.2022 a Entidade Pública Red.es notificou a Resolución de Concesión correspondente a Convocatoria de axudas para a creación da Rede de oficinas.

Consideracións.

Desde a Deputación preténdese favorecer a modernización, dixitalización e a innovación de tódolos axentes locais (autónomos, empresas, asociacións...) así como desenvolver mecanismos eficaces para a capacitación de emprendedores e empresas no ámbito dixital e tecnolóxico impulsando á súa incorporación ás novas tecnoloxías. A Deputación de Lugo está inmersa na estratexia de fortalecementos das Pemes provinciais que lles permita desenvolver as súas potencialidades e as súas posibilidades nun contexto global que contemple programas de internacionalización, dixitalización e colaboración empresarial.

O acceso as axudas convocadas por Red.es permitirá á Deputación de Lugo constituír unha oficina provincial xestionada por sete (7) traballadores, cunha sede virtual así como con sede física nas dependencias provinciais, con presenza no territorio a través dunha rede de oficinas móbiles que prestarán, de xeito gratuíto e durante un prazo máximo 24 meses, asesoramento e soporte nas áreas principais da transformación dixital. A estas accións sumarase a realización de actuacións presenciais grupais nos concellos de menos de 20.000 habitantes tales como actuacións de sensibilización e apoio ás Pemes sobre metodoloxías e tecnoloxías innovadoras favorecendo a súa incorporación nos seus procesos produtivos e de xestión.

O orzamento total das actuacións previstas no proxecto ascende a un importe total de cincocentos doce mil cincocentos euros (512.500,00€), dos cales a Deputación asume con fondos propios o 20% do custo da actuación (102.500€) a executar en tres anualidades segundo o seguinte reparto:



Anualidade	Orzamento
2022	17.083,33 €
2023	51.250,00€
2024	34.166,67 €
Total	102.500,00 €

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, Proponse á Xunta de Goberno que se adopten o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a solicitude do anticipo, tal e como prevé o programa de acordo o apartado décimo segundo da Convocatoria de axudas para a creación da rede de Oficinas Acelera Pyme en contornas rurais e no artigo décimo sexto das bases reguladoras a través do correspondente formulario habilitado para o efecto, por un importe de 328.000€, que se corresponde co 80% da axuda concedida.

2º.- Así como, dar conta da resolución da concesión definitiva da Entidade Pública, Red.es, correspondente a convocatoria de axudas 2021 “Acelera Pyme” para contornas rurais por importe de 410.000€, os efectos de realizar as actuacións administrativas oportunas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 22 de outubro de 2021, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2021, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.138 do sábado 19 de xuño de 2021, das entidades que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

Categoría	Nome entidade	C.I.F.	Nome actividade	Subvención
Actividade competitiva federada 2021	Club ciclista Terra Cha Vilalba	G27446558	Ciclismo	648
Actividade competitiva federada 2021	Asociación deportiva biclista Galegos	G27486216	Ciclismo	1182
Actividade competitiva federada 2021	Club de tiro San Roque	G27135037	Tiro Olímpico	1931
Actividade competitiva federada 2021	Sociedad Deportiva Antas	G27124205	Fútbol	4309

2º.- Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

8.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.



DEPUTACIÓN DE LUGO

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.